

"A PALABRA É VIDA E VAI AO LONXE": proposta metodolóxica para activar un corpus toponímico durmido. Estudo dun caso: o CPI de Vedra e a contorna ullá

Xulia Marqués (coord. EDLG)

Introdución

"A PALABRA É VIDA E VAI AO LONXE" toma para si o verso homónimo do poema "Balada das palabras", d'*O libro das baladas* (1978) de Manuel María. É unha proposta de dinamización que nace dende o EDLG e en que converxen os 3 centros educativos do Concello de Vedra, as asociacións culturais locais, monitores e persoas de recoñecido prestixio no eido da dinamización e a Administración local nunha intervención con base na extensión uso social da lingua e na toponimia.

M. Solé (1991) indicaba que a dinamización debía do eido da animación sociocultural e entendíaa como a "aplicación sistemática dun conxunto de estratexias, técnicas e recursos que permitan xerar, xestionar e avaliar un proceso participativo de cambio lingüístico nun colectivo determinado e definido por unhas características comúns".

Cremos, de igual modo, que o labor lingüístico se vertebra no sociocultural e, viceversa.

"A PALABRA É VIDA..." busca contribuír á normalización da expresión máis firme da nosa identidade colectiva: a nosa lingua.

De lingua e identidade fálanos a toponimia, ou conxunto das denominacións propias dos lugares, eixe desta proposta.

O pasado 14 de xaneiro ingresaba na RAG Marilar Alexandre e facíao co discurso "Voces termando da paisaxe galega":

"Escollo *termar* pois esta fermosa voz polisémica contén en galego tanto o significado físico de manter algo no seu lugar, aguantar, soste, como o significado emocional de coidar dunha cousa para evitar que se altere, ter conta dela.

Voces sostendo a paisaxe e tendo conta dela con agarimo.

A microtoponimia supón unha atención precisa á contorna.

Temos o deber de gardar estes anaquiños de memoria que parecen a piques de se perder: os nomes de leiras, agras, camiños, vaos, fontes, lugariños, camposas...

Máis que lairse polas mudanzas, cómpre emprender accións para gardarmos a memoria antes viva nas leiras, agras, lombas e cortiñas, transmitida de boca a boca durante xeracións".

E concluía: PARA AGUANTAR DOS NOMES: LINGUA E TOPONIMIA.

A lingua, e por extensión, as "*tradicións e expresións orais*", incluídas as modalidades e particularidades lingüísticas como vehículo do patrimonio

cultural inmaterial; así como a *toponimia tradicional acaban de ser incluídas pola* Lei para a salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial (BOE, 17/05/2015) no "concepto de patrimonio cultural inmaterial".

O Grupo de Expertos de Nacións Unidas para os Nomes Xeográficos declarou que os topónimos son parte integral do patrimonio cultural intanxible (*ICH, Intangible Cultural Heritage*), xa que "constitúen compoñentes esenciais das linguas e conservan formas que evidencian a súa evolución" e "son valiosas testemuñas da historia e dos modos de vida pasados ou actuais".

Lingua e cultura, lingua e tradicións, un vínculo que demostraremos aquí necesario para a extensión do uso social do galego e ligado a un proceso de modernización da sociedade.

Farémolo xerando estratexias, xestionando técnicas que promovan e consoliden uns usos lingüísticos en galego entre os membros do colectivo implicado.

Vedra é un concello pequeno, conta cunha poboación de 5.073 habitantes (censo 2014) e unha extensión de 52,8 Kms². Por treitos de idade, son menores de 15 anos: 589 (11.61 %), de 15 e 64 anos: 3.287 (64.79 %), maiores de 65 anos: 1.197 (23.59 %).

O contexto en que actuamos inclúe os 3 centros educativos do concello (CPI de Vedra, CEIP de Ortigueira e CRA Boqueixón-Vedra), unha corporación municipal comprometida e unha sociedade receptiva e moi vertebrada asociativamente.

O CPI de Vedra, de onde partimos, declárase galego (principios) e partidario dun ensino plural, participativo e non discriminatorio en que:

- O alumnado teña conciencia da súa pertenza a unha comunidade modeladora dunha cultura concreta.
- Se arbitren os medios para que aquel conserve e recupere, a través da escola, a identidade lingüística e cultural galega, non como subproduto, senón coa dignidade que lle corresponde.
- Coñezan e valoren o pasado sociocultural da comunidade como un elemento conformador do ser colectivo propio.

"A PALABRA É VIDA..." quere abrir un espazo na contorna en que o rapaz se sinta reafirmado o seu código lingüístico, como falante e posuidor dunha cultura propia.

Cremos que o patrimonio é unha produción cultural a partir da que podemos mobilizar unha acción pedagóxica dirixida a fortalecer a identidade e o sentido de pertenza.

A didáctica do patrimonio, en clave de innovación educativa, lévanos a sumarnos ás propostas do HERDUC (*Heritage Education*), partindo da premisa

de que a educación patrimonial necesita un lugar na aula e a aula precisa un lugar na educación do patrimonio (De Troyer, 2005).

Para nós, educación patrimonial é un "proceso educativo permanente, sistemático, interdisciplinario e contextualizado, encamiñado ao coñecemento do patrimonio, á formación e desenvolvemento de valores que reflicten un elevado nivel de conciencia cara á súa conservación e ao seu uso sustentable, así como á defensa da identidade cultural, tomando para isto os recursos educativos do patrimonio como fonte de coñecemento individual e colectivo" (Rodríguez 2011: 60).

O fin de "A PALABRA..." será formar un alumnado educado en valores patrimoniais, que asuma un papel activo como única vía cara ao respecto e coidado dos bens de interese cultural e fomentar uns usos lingüísticos que garantan a comunicación na lingua dinamizada.

Identificación da situación sociolingüística do centro

Contorno sociolingüístico do centro

O CPI de Vedra aséntase nunha zona marcadamente rural. Vedra ten 12 parroquias, puntos de orixe e residencia do alumnado.

O CPI tamén recibe tamén rapaces de Lestedo (Boqueixón).

No curso 2016/17 están matriculados 346 nenos/as e profesores hai 43.

A lingua utilizada adoito na comunidade educativa é o galego. A maioría do alumnado é galego-falante, así como o profesorado do centro. A comunidade educativa amósase receptiva e colaboradora a respecto do proceso normalizador.

No eido administrativo o galego úsase en todas as comunicacións tanto internas como externas.

A lingua maioritaria do concello é a galega. Segundo datos do 2011, a porcentaxe de galego-falantes é do 77,81%

<http://praza.gal/xornal/uploads/banners/imaxe/5603ccf3b20dc-530x90-lingua.gif>

Xúntase deseguido un resumo do último estudo sociolingüístico levado a cabo polo EDLG en colaboración con todo o profesorado. Responde ao interese por coñecer a situación actual de usos da lingua galega na súa contorna, así como diferentes cuestións sociolingüísticas relacionadas cos hábitos lingüísticos, as destrezas na lingua galega, e as opinións relativas á posición da nosa lingua nas familias.

O cuestionario está formado por 37 preguntas e inclúe as características xerais do persoal entrevistado: sexo, idade, lugar de nacemento etc. e cuestións relativas ao estudo sociolingüístico obxecto do traballo.

Dividiuse o contido en 4 partes:

1. Resultados de lingua inicial e competencia en lingua galega.
2. Resultados de lingua habitual das familias e frecuencia de uso.
3. Resultados das preguntas referentes aos usos lingüísticos específicos.
4. Actitudes e opinións de carácter lingüístico.

A situación sociolingüística derivada da análise reflicte un proceso social de lenta substitución. Os datos sobre lingua inicial, lingua habitual ou frecuencia de uso do galego corroboran a dita interpretación. Outros indicadores son un reflexo dos cambios sociolingüísticos da sociedade galega contemporánea. Nesa liña interpretativa cómpre ter en conta a escaseza de dificultades para o desenvolvemento das destrezas lingüísticas orais e escritas en galego, os usos lingüísticos bilingües, e as boas actitudes e opinións existentes entre as familias sobre a presenza social, a promoción lingüística e o status percibidos na lingua galega e nos seus falantes.

Debemos considerar que a contorna en que se atopa o centro determina, en grande medida, esa realidade por:

- * A influencia dos pequenos núcleos urbanos xurdidos fronte a unha zona rural predominante.
- * A proximidade de Santiago.
- * A construción de vivendas na zona, de familias procedentes doutros lugares.
- * A poboación orixinaria, que manifesta unha tendencia a mudar de lingua.

A situación do profesorado

É maioritariamente galego falante e coñece a normativa. Usa o galego co alumnado, tanto nas materias obrigatorias como no resto de actividades que se realizan, sendo dun 97% o grao de uso do galego, un 2% o castelán e un 1% outras linguas.

A situación do alumnado

O alumnado atinxido ía dende 2º ciclo de EP, 3º, 4º, 5º e 6º, ata 4º ESO. 21 preguntas en que se incluían características xerais do persoal entrevistado: sexo, idade, lugar de nacemento, de residencia actual, e cuestións propias do estudo sociolingüístico.

O contido articulouse en 4 partes:

- En 1.º lugar, resultados da lingua inicial e da competencia na l. galega.
- En 2.º, resultados de lingua habitual das alumnas/os e da frecuencia de uso da l. galega.
- En 3.º, resultados das preguntas referentes a usos lingüísticos específicos.
- En 4.º, actitudes e opinións de carácter lingüístico.

a) LINGUA HABITUAL:

O 78 % usa a lingua galega coa súa nai e co pai un 81%.

Emprega só o castelán coas nais un 12% e cos pais un 7 %.

A lingua que usan os pais entre si e cos avós dos nenos, é dun 77,8 % de l. galega e un 8,8 % de l. castelá. Cómpre sinalar que a lingua que falan os alumnos cos seus irmáns é maioritariamente o galego, un 73 %. Entre os amigos é dun 67 % en l. galega, sendo, respectivamente, dun 9 % e dun 8 % en castelán. No referente á lingua que usan cando escriben ou len, un 39 % faíno en l. galega e un 9 % en castelá, sendo utilizado máis o galego nun 52 %. Cando van de compras a lingua depende do tipo de tenda, así nas de alimentación un 71,9 % usa o galego e nas tendas habituais un 56, 8 %; con descoñecidos un 45,3 % usan o galego, sendo o castelán dun 58 %, 11,47 % e 21 %, respectivamente. E as dúas linguas úsano o 19,9 %, 21 % e un 28 %, respectivamente.

Para a 2.^a cuestión, tocante a falar en galego ou en castelán, a escala é de 4: MAL, REGULAR, BEN e MOI BEN. Os resultados obtidos son MOI BEN: 71,5 % entende , 49,8 % fálao, 44,6 % escríbeo e 61,6 % do alumnado entrevistado; MAL: 1,1 % entende, 1,8 % fálao, 1,1 % escríbeo e 1,1 % le. No relativo ao castelán, os resultados son: MOI BEN: 56,8 % enténdeo; 39,8 % fálao; 38, 7 % escríbeo e 54,6 % le; MAL: 1,1 % entende; 1,1 % fálao; 7, 3 % escríbeo e 1,8 % le.

Relacionada coa lingua actual cos pais e avós, a escala é de 3 : NUNCA, ÁS VECES, SEMPRE.

Os resultados son:

NAIS : sempre 74,5 %; ás veces 16,52 % e nunca: 8 %

PAIS: sempre 78,2 %; ás veces 14 % e nunca 7 %

AVOAS: sempre 77,4 %; ás veces 12,5 % e nunca 8 %

AVÓS: sempre 74,9 %; ás veces 14,7 % e nunca 8,8 %.

Con respecto a *falar galego ou castelán coas compañeiras/os na clase, no recreo, coas amigas e amigos e coas profesoras e profesores*, obtivéronse estes resultados (escalas: NUNCA, ÁS VECES, SEMPRE):

IRMÁNS: sempre 68,6 %; ás veces 3,3 % e nunca 5,9 %

COMPAÑEIROS NA CLASE: sempre 70 %; ás veces: 22,8 % e nunca 3,3 %

COMPAÑEIROS NO RECREO: sempre 69,3 %; ás veces 21,7 % e nunca 3, 6 %

AMIGOS: sempre 69 %; ás veces 23,9 % e nunca 4,4 %

PROFESORES: sempre 66 %; ás veces 30 % e nunca 4 %

Tocante á *forma de expresarse mellor, cando falan ou escriben*, o 58 % cre que fala mellor en galego, e o 49 % que o escribe. En castelán só un 7 % o fala ben e un 16 % o escribe ben; un 35 % fala e escribe nas dúas linguas. Nesta sección

cómpre salientar que o 82 % do alumnado sempre falou en galego e o 18 % en castelán.

Sobre as *preferencias do galego, castelán ou das dúas para actividades diarias*, os resultados foron:

VER A TV: galego o 22,5 %; castelán 51,2 %; nas dúas 27,7 %

LER UN LIBRO: galego 30,9 %; castelán 33,2 %, e nas dúas 32 %

ESCRIBIR CARTA, CONTOS: galego 45,7 %; castelán 26,5 % e nas dúas 22,5 %

TFO E MENSAXES: galego 50,9 %; castelán 19 % e nas dúas 16,5 %

Cando se pregunta ao alumnado non galego falante sobre a utilización desta lingua, obtemos un 62 % que responden sempre e só un 5 % nunca. Saen, porén, 3 opcións diferentes dependendo de con quen falen: un 11 % e un 9 % en determinadas ocasións, e só un 13 % usa o galego nas clases de LG. Un 77 % fan o posible por falar sempre en galego e só un 4 % non o fai nunca.

Para profundar nos usos sociais de galego e castelán nas familias dedicámoslle un oco ás preferencias lingüísticas en distintas situacións comunicativas. Os resultados indican: maioritariamente a lingua usada nas súas casas cos fillos é o galego, aínda que algúns contestan ou falan adaptándose á lingua do interlocutor. Sobre a pregunta de se coñecen as materias que deben impartirse en galego, o 69 % responde si e o 31 % non.

A situación lingüística do centro

A situación sociolingüística exposta revela unha instalación efectiva na lingua propia por parte de toda a comunidade educativa e unha evolución positiva de cara ao mantemento e inclusive a un maior uso.

Obxectivos

Á vista da situación lingüística global exposta, formúlanse os seguintes obxectivos:

Xerais:

- Lograr que o ensino obrigatorio garanta unha competencia plena en galego e repercuta de forma efectiva na súa adopción como lingua habitual por parte das novas xeracións.
- Darlle prioridade no ensino á expresión, á afectividade e á utilidade, reforzando a dimensión comunicativa e instrumental en relación con contextos vivos.
- Dotar o galego dos recursos lingüísticos e técnicos necesarios que o capaciten para a vida moderna.

- Conseguir para o galego máis espazos de uso.
- Promover unha visión afable, moderna e útil do galego que esfarele prexuizos e reforce a súa estima.

Específicos:

- Incidir na comunidade escolar para que venza prexuizos e promover actitudes favorables de cara a unha galeguización escolar plena.
- Axudar a interpretar a realidade lingüística e cultural galega.
- Renovar a práctica didáctica nunha perspectiva comunicativa que se centre no uso lingüístico (especialmente no oral) e garantir unha oferta de materiais didácticos en soportes diversos que fagan atraente a aprendizaxe.

Obxs. de "A PALABRA ..."

- Promover a interacción entre a escola e a súa contorno para tornar rendibles os recursos prol dunha normalización efectiva do galego.
- Lograr que a lingua e a cultura galegas sexan fonte de enriquecemento e de integración do pobo galego.
- Establecer relacións con persoas e entidades da contorna de cara a unha colaboración conxunta na dignificación da lingua e cultura propias.
- Garantir unha oferta de materiais didácticos de calidade en soportes diversos que fagan atraente a aprendizaxe.

Procesos de mellora

Os procesos de mellora chegan ligados á:

1. Apertura de espazos en que o galego sexa unha lingua viva que saia do ámbito da disciplina curricular e se converta nunha lingua de relación real (ed. informal).
2. Oferta de actividades extraescs. (EDLG, centro, concello etc.) co gal. como base e a cultura vedresa como suxeito de actuación (exs. obradoiros de patrimonio e radio).

3. Oferta nas distintas actuacións de espazos de diversión, aprendizaxe lúdica e convivencia en que sexa o fío condutor a l. galega.

Propostas estratéxicas de actuación a curto prazo

1.º. Activar e poñer en valor un corpus toponímico de máis 3.200 nomes tradicionais de lugar.

No caso do Concello de Vedra, o proceso de recompilación, revisión, transvasamento a foto aérea e exposición pública que o Proxecto Toponimia de Galicia desenvolveu está finalizado dende o 2007.

Para a toponimia maior (entidades de poboación) <http://cpapx.xunta.es/toponimia-oficial> obtemos no *Nomenclátor de Galicia* estes datos: Vedra ten 12 parroquias e 140 lugares.

Para a toponimia menor <http://toponimia.xunta.es/gl/ProxectoToponimiaGalicia> dispoñemos dunha base de datos con 3211 topónimos.
<http://concellodevedra.com/gl/node/8>

2.º Actuar globalmente posto que o contexto é favorábel de cara a desenvolver unha acción conxunta.

2.1. Tocante ao alumnado participante: o do CPI pero tamén cos outros 2 centros do concello: o CRA Boqueixón-Vedra e o CEIP de Ortigueira.

2.2. Tocante aos niveis educativos, contéplanse dende ed. infantil ata ESO. Está implicado o alumnado do concello de 3 a 16 anos.

2.3. Tocante ao seu grao de participación, nesta etapa inicial é partícipe de cada momento e actividade, convertendo o seu lugar (de residencia, estudo e lecer) nun punto de referencia singular.

3.º Achegarse á toponimia dende diferentes materias curriculares e departamentos.

Interveñen de forma activa distintos departs. (véx. profesorado participante).

4.º Propiciar unha divulgación adecuada ao nivel co que se traballa, xerando mensaxes con distintos niveis de concreción segundo as necesidades e características de cada grupo (Cuenca-Marín 2015: 39-40).

A longo prazo

Seguimos xerando estratexias, estendendo actuacións fóra da contorna ullá con apertura á outras provincias e continentes.

Organización, desenvolvemento e metodoloxía (actividades descritas)

"A PALABRA É VIDA.." avanza abrindo *novas liñas de traballo* con base na toponimia, elaborando materiais didácticos e impulsando actuacións de dinamización que superen o ámbito local, expandíndonos a outros puntos da Comunidade (A Ulloa e Carballedo) e a terras da faixa galego-asturiana, así como á comunidade da emigración vedresa en Arxentina.

1. Creación de materiais didácticos específicos

Deseñaranse materiais didácticos para EI e EP que permitan traballar na aula e bosquejar futuras saídas á contorna.

ACTIVIDADE 1. Articularanse sobre toponimia maior e coa axuda das nosas mascotas: os dragóns TOPO e NIMO e a "dragoneta" NIMIA. Seguirán un formato de tipo lúdico semellante ao libro de toponimia para nenos/as *Enredando nos topónimos con Rodari*.

Os materiais publicaranse en formato físico e compartiranse a través do web con especial incidencia nos *blogs* e redes sociais que administra o centro.

ACTIVIDADE 2. Para ESO prevese a elaboración dun libro plurilingüe con base nas lendas da zona. De cada farase unha versión en galego, castelán, francés e inglés. As ilustracións serán feitas por alumnos de 1º.ESO.

ACTIVIDADE 3. Deseñaremos crebacabezas para os cativos e outros xogos cos que se poidan familiarizar cos 152 nomes de entidades de poboación vedreses.

2. Actuacións de dinamización fóra da contorna ullá: Galicia e Asturias

Estas actuacións implican situacións de aprendizaxe activas en contextos reais. Os alumnos irán acompañados de profesores de diversas disciplinas que, xunto cos animadores socioculturais, serán os encargados de descubrirlles a relevancia social do lugar visitado. Detrás existe un traballo de aula previo e importante.

Punto de partida: para deseñar este bloque revisamos a microtoponimia e seleccionamos os nomes tradicionais locais que se repiten na Coruña e Lugo e que se antollan *unicum* na nomenclatura xeográfica galega.

DATOS OBTIDOS: *A Carnota/ A Cruz de Zas/ A Picaraña/Laraño/ Ortigueira/ Os Campos de Teo/ O Muíño do Eo.*

Actuación 1: De Vedra a Palas de Rei. Ou a extensión dun topónimo polo territorio galego



Desencadeamento:

- a) A existencia de *Ximonde* (parr. de Vedra)/ *Ximonde* (parr. de Palas de Rei)
- b) O Río *Ulla* (río treito baixo en Vedra) (*A Ponte Ulla/ Ribadulla* lugares ao seu carón) /*A Ulloa* (treito alto que dá nome á comarca).
- c) *O Castelo de Pambre*, obra escrita por A. López Ferreiro (párroco de Sta. Eulalia de Vedra entre 1866 e 1871). Veciño da parr. vedresa de S. Pedro de Vilanova dende 1886 en que compra Pazo Galegos e vive de 1887 ata a súa morte.
- d) De Camiño a Santiago: Vedra (Vía da Prata) /Palas (Camiño de Santiago)




Actividade: Visita ao concello de Palas de Rei (varios centros de interese).

Xustificación:

- a) A coincidencia do topónimo *Ximonde* nos 2 concellos.
- b) O río *Ulla* /a comarca da Ull-oa.

A comarca da *Ulloa* está situada na provincia de Lugo con capital en Monterroso. A ela pertencen *Antas de Ulla*, Monterroso e Palas de Rei. O seu nome xérase a partir do río *Ulla*.

Vedra e Palas forman parte do programa "Goza do Ulla"



c) O castelo de Pambre (parr. Pambre) <http://castelodepambre.com/>



A. López Ferreiro, vinculado a Vedra, e autor da novela *O castelo de Pambre*.
O Camiño de Santiago pasa por Palas e a Ruta da Prata por Vedra

d) a igrexa de Vilar de Donas (parr. de Vilar de Donas)



Mostra do románico galego no Camiño de Santiago.


Actuación 2: De Vedra a Carballedo (Lugo)

Desencadeamento:

A existencia de *S. Xoán da Cova* en Vedra e de *S. Xoán da Cova* no concello de Carballedo (Lu).

Actividade: Visita ao concello de Carballedo (centro de interese).

A igrexa de San Xoán da Cova, románica do séc. XII, foi declarada en 1950 monumento histórico artístico.



Situada no lugar *Piñarrostro* na parroquia da Cova.

Xustificación:

- A existencia dos 2 cenobios á beira dos ríos (O Ulla e O Miño), en sitios abruptos e dos que non quedan case restos.
- Os dous portan a mesma denominación, *unicum*.
- Cotexamos a Ribeira do Ulla coa Ribeira Sacra.
- Analizamos o importante rol do mosteiro ullán.



Joaquín Sierra y Ponzano - (22 de setembro de 1850). "Paso del Ulla en San Juan da Cova". *Semanario Pintoresco Español* (38): 297

Actuación 3: De Vedra á contorna do río Eo

Desencadeamento:

- A existencia do *hidrónimo Eo* en Vedra na parr. de Illobre, coincidente co *hidrónimo Eo* que desauga en *Ribadeo*.
- A súa relación co Camiño de Santiago, coa Vía da Prata (1.º caso, Vedra) e Ruta Cantábrica ou Camiño Norte (2.º caso, A Veiga e Ribadeo).
- Os falares do bloque oriental e lindeiros do Principado.

Actividade: Visita aos concellos da Veiga e Ribadeo (A Pontenova, Taramundi).

Xustificación:


- Vedra e contorna do *Eo* (A Mariña Oriental e Asturias) comparten un río, de nome *Eo*.



De interese toponímico é o nome das vilas formadas sobre *Eo*: Vega-d-eo (Asturias)/ A Veiga e Riba-d-eo.

- Outros puntos na comarca:

- No Concello da Pontenova (Lu): as minas de Vilaoudriz, os fornos e a ruta da antiga vía do tren Vilaoudriz – Ribadeo, a ferraría de Bogo.



- No Concello de Taramundi (Ast):

os muíños do Mazo Novo e o conxunto etnográfico dos Teixois:

<http://www.minube.com/rincon/Museo-de-los-Molinos-de-Mazonovo-a503571>

<http://www.minube.com/rincon/conjunto-etnografico-os-teixois-a227551>

3. Actuacións de dinamización na colectividade vedresa emigrada

"A nosa cultura, a nosa paisaxe simbólica, débenlle moito á emigración en Arxentina e Cuba" (discurso de entrada na RAG de Marilar Aleixandre, 14/01/2017).

Obxectivos:

- Profundar na relación entre a de *Vedra de Riba* (a continental, coruñesa) e a *de Baixo* (Arxentina).
- Articular estratexias para conectar os mozos de aquí e alén mar a partir da l. galega e as novas tecnoloxías.
- Mostrar a relevancia social da lingua e do patrimonio propios como vínculo de unión.

Actuación 1: De Vedra de riba (A Coruña) a Vedra de baixo (Arxentina)


Desencadeamento:

- A relación do fotógrafo vedrés L. Ballesteros coa emigración. O papel da fotografía como ligazón entre residentes e emigrados a longo de 6 décadas.
- A existencia da Sociedade Parroquial de Vedra e da Sociedade Municipal e Agraria de Vedra, centenarias.
- Arxentina recibiu o 60% da xente do Val do Ulla.
- A relación fluída entre a Administración local e estas entidades.

Actividade 1: Informandónos sobre a comunidade emigrada en Bos Aires:

a) coñecendo a realidade da colectividade emigrada:

Por medio da proposta didáctica *A EMIGRACION EN VEDRA*.



b) Procurando información acerca do tributo que se lle dá á colectividade emigrada:

<http://sociedaddevedra.blogspot.com.es/>

-exposición: 'Documentos da diáspora' paneis explicativos, revistas e outros obxectos de principios do s. XX (05.08.2009)

-conferencia: *Moito máis que emigración: morriña, tecnoloxía e política da man dos emigrantes*. Relatores: Lorenzo Fernández Prieto e Andrés Domínguez Almansa.

- conmemoración:



-libro: *Proceso migratorio e sociedades de emigrantes en Vedra. O camiño cara a modernidade.*

Actividade 2: Contactamos coa Sociedad Parroquial de Vedra en Bos Aire

<http://www.vedra.com.ar/>

<http://socparroquialvedra.galiciaaberta.com/es>

<http://sociedaddevedra.blogspot.com.es/2010/03/centenario.html>

4. Por unha nova formulación: a *educomunicación* do patrimonio

A PALABRA É VIDA..." quere contrarrestar o desinterese dos máis novos por un coñecemento que lles parece anacrónico e cuxo soporte nin pode competir cos que ofrece o mundo actual, nin ten un acomodo doado nas novas relacións sociais.

Preténdese apercebilos da perda de todo o que non é visible (as sabenzas, as tradición) e mesmo das eivas que o sistema de transmisión do coñecemento presenta hoxe.

Metodoloxía

-Dáse unha *aproximación integral* ao nome tradicional de lugar.

O *estudo interdisciplinar* é unha necesidade pedagóxica e, ao tempo, proporciona unha lectura máis completa da realidade.

-Abórdase dende unha '*educación en patrimonios*'.

No que respecta ao coñecemento do patrimonio, non diferenciamos referentes naturais, artísticos ou culturais.

- Realízase unha lectura do territorio a partir dos seus nomes a través de *actuacións de dinamización* que lle amosen ao alumno como debe relacionarse e aprender co medio.

-Apóstase pola *revalorización do coñecemento adquirido na aula na contorna*.

Vehicúlase a través da relación cos veciños: Esperanza Lema, colectivos Teatrofilia (teatro), LAV (audiovisual), gardarríos...

-Outorgáselles unha *atención especial aos maiores*.

É un fin inherente sacar á luz os saberes das persoas de máis idade relegados ou reducidos adoito a un papel case testemuñal. Faise individualmente e con obradoiros interxeracionais.

No ámbito local:

-Levamos a cabo as actuacións contando coa *colaboración do concello e asociacións culturais*.

O concello colabora activamente (véx.-colab. institucional-).

Tocante ao labor con asociacións culturais, ir a:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/cpidevedra/system/files/noticia%20web%20BALLESTEROS.pdf>.

Mantemos relación coa A. C, S. Campio, Senunpeso, Papaventos ou a Banda de Música de Sta. Cruz.

Xestión

Contamos con tradición en activación patrimonial pois xa temos desenvolto *Vedriños e vedraños* (Proxecta 2015/16) e *Vedra medra* (Proxecta, premiado na 10ª ed. do P. D. A. Fraguas, en curso).

A aprendizaxe da toponimia vense realizando na aula, con saídas á contorna e complementada con actividades complementarias:

a)Charlas. O espazo “O autor fala da súa obra” onde investigadores locais ou coñecedores da cultura ullá veñen contar.

b)Exposicións:

“Ballesteros, fotógrafo” (no centro nov 2016-xaneiro 2017).

"Vestindo o patrimonio vedrés" (en curso)

c)Proxección de documentais:

“Ballesteros, fotógrafo” (feita)

“Requinteiros” (pendente).

d)Encontros interxeracionais entre rapazada e maiores ("Vestindo o patrimonio", pendente).

e) Obradoiro de patrimonio (en curso)

Temporización

Programación anual que desgregamos por trimestres:

1.º

1. Información ao claustro do CPI e directores do CRA e do CEIP de Ortigueira.

2. Achegamento ao contorno do centro (espazo físico, tecido cultural e asociativo...)

3. Plan de actuacións: exp. fotográfica no centro e 4 saídas,

2.º

1. Actuacións:

-Xornada "Vestindo o patrimonio"(exposición, obradoiro interxeracional, visita de Tamparrantán, 3 saídas)

-Inicio do obradoiro de toponimia (ESO)

2. Na aula: deseño do libro plurilingüe de lendas locais.

3.º

1. Montaxe de materiais didácticos específicos.
3. Plan de actuacións fóra da contorna ullá. Deseño.
4. Contactar coa colectividade emigrada en Arxentina e programación actuacións futuras.
5. A educomunicación do patrimonio: aplicación desta perspectiva metodolóxica.

Recursos humanos

O CPI escolariza 346 alumnos/as: en ESO hai 128, en ed. inf. 53 e en ed. pr. 165. A estes hai que lles sumar os do CRA Boqueixón-Vedra e do CEIP de Ortigueira (os outros 2 centros do concello).

Participan os/as profesores/as do CPI, CRA e CEIP en niveis de ensino obrigatorio.

A corporación municipal súmase coas concellarías de Educ. e Cult. e os dinamizadores e monitores nas saídas e outras actividades.

Membros de asociacións culturais e pais/nais e veciños nas saídas.

Recursos materiais

Os propios dos centros educativos (vídeos, cámaras, ordenadores, cadernos de campo, compás...)

Os facilitados por entidades e asociacións culturais (ex. na exposición "Ballesteros, o fotógrafo" achegan documental, fondos fotográficos, visita do autor, vídeo e paneis informativos).

Novas tecnoloxías: o CPI de Vedra é un centro Abalar, recoñecido pola Consellería no 2016/17 "de boas prácticas TIC"; o CRA Boqueixón-Vedra forma parte do *RuralSchoolCloud*, ligado na nube con 3 CRA galegos e escolas de Italia, Grecia, Dinamarca, Macedonia e Reino Unido.

Contamos cun web moi activo, blogs e Facebook.

Colaboracións institucional

A Adm. local súmase publicitando o noso labor no boletín (enviado a cada casa), no web e nas redes sociais; participamos no calendario municipal 2016/17, na gravación de *Somos Vedra* e no Cultural 2016.

Mantemos contacto co Museo do Pobo Gal. e coa Fac. de Cs da Educación (USC).

Difusión

No centro, con reunións do EDLG, claustros e C. Escolar; taboleiros da sala de profesores e EDLG, *mail*, web <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpidevedra/>, app ligada ao web e Facebook <https://www.facebook.com/vedrameda>
Nas familias: con notas e vía tfos. móbiles conectados coa App do CPI.

O Concello difunde na veciñanza o boletín, onde estamos cada mes:

<http://concellodevedra.com/ficheiros/Bolet%C3%ADn%20Municipal%20Novembro%202016.pdf>

<http://concellodevedra.com/ficheiros/Bolet%C3%ADn%20Informativo%20Municipal%2020de%20Vedra.%20Decembro%202016.pdf>

no web <http://concellodevedra.com/>

no calendario 2016/17

<http://concellodevedra.com/ficheiros/Calendario%202017.jpg>

na radio: <http://concellodevedra.com/gl/node/819>

Orzamento

ACTUACIÓN	Concepto	Gasto aproximado
Contacto con entidades locais e de fóra da Comunidade	Desprazamento, elaboración de cadernos de traballo	300€
Contacto coa colectividade da diáspora	Audiovisual, edición da parte gráfica	600€
Obradoiros de patrimonio	Pago formación, Edición materiais	600€
Saídas didácticas	Deseño de roteiros, saída	300€
Relatorios	Intervencións	300€
Traballo fotográfico e de gravación	Fotos e gravacións	600€
TOTAL Orzamento estimado		2700€

Avaliación

A avaliación, formativa e continua, realizarase a través da observación, a valoración individual e a revisión do traballo.

Admítese a posibilidade de reorientación do proceso ante deficiencias que se puidesen topar no desenvolvemento.

O PROXECTO

Nos obxs. lingüísticos, os parámetros e ítems valorados serán:

- a) Fomenta o galego oral
 - a.1." o gal. oral creando novos ámbitos de uso—SI/NON
 - a.2." o gal. oral dentro da aula – SI/NON
 - a.3." o gal. oral fóra da aula – SI/NON
- b) Favorece o achegamento e o coñecemento da realidade sociocultural galega
 - b.1. " o achegamento e o coñecemento da realidade sociocultural vedresa—SI/NON
 - b.2." o achegamento e o coñecemento da realidade sociocultural vedresa ao alumnado procedente de fóra – SI/NON
- c) Colabórase favorecendo o uso do galego con entidades culturais galegas
 - c.1." favorecendo o uso do gal. con entidades culturais vedresas SI/NON
 - c.2." favorecendo o uso do gal. con entidades asociativas vedresas— SI/NON
 - c.3." favorecendo o uso do gal. con entidades vedresas (deportivas, empresas locais) – SI/NON
- d) Emprégase a lingua galega nas novas tecnoloxías
 - d.1." a l. gal. nas novas tecnoloxías (web, blog) SI/NON
 - d.2." a l. gal. nas novas tecnoloxías (Facebook) – SI/NON
- e) Promóvense vínculos con outras realidades lingüísticas
 - e.1. " vínculos con outras realidades lingüísticas (falares do bl. central) – SI/NON
 - e.2." vínculos con outras realidades lingüísticas (falares do bl. oriental e Asturias) – SI/NON
 - e.3. " vínculos con outras realidades lingüísticas (internacionalización do galego) – SI/NON
- f) Reverte/non reverte positivamente na dinámica lingüística habitual do centro
 - f.1. Xera melloras na práctica docente — SI/NON
 - f.2. " melloras na realidade educativa— SI/NON
- g) Grao de impacto sobre o proceso educativo
 - g.1.Índice de utilización pola comunidade educativa- ALTO/MEDIO/BAIXO-
 - g.2. " de utilización para a comunidade educativa- ALTO/MEDIO/BAIXO-
- h) Grao de impacto na mellora do uso da l. galega na comunidade educativa

- h.1. ALTO
- h.2. MEDIO
- H.3. BAIXO

O ALUMNADO

1. Nivel de participación
2. Grao de participación
- 3.Desenvolvemento da súa creatividade
4. Manexo de fontes orais e escritas
5. Manexo doutras fontes
6. Relacións dentro do centro
8. " con outras institucións
9. Intervención das novas tecnoloxías
10. Recoñecemento dos referentes patrimoniais e culturais locais
11. Concienciación de cara á súa preservación e coidado
- 13.Fomento do seu espírito crítico
14. Grao de motivación.

O PROFESORADO

1. Nivel de participación dende a área
2. " " dende o departamento
- 3.Integración do proxecto no traballo da aula
4. Incidencia do proxecto " da materia.

Profesorado

- D. Xeogr.-asesor. 4.º ESO **Mónica Vilariño**
- D. Biol. asesor 2.º ESO. **Xosé Palacio**
- D. Ingl.- trad. ingl .libro plur. de lendas. . 1.º ESO **M.ª José Brey**
- D. Franc.- trad. fr .; colb. Mús. **Delia Gándara**. 1.º ESO
- D. Música- colb. **Pablo Guede**. 1.º ESO
- D. Ed. Plástica e Visual-ilustr. **Rafaela Gómez** 1.º ESO
- D. L. Galega- colb. **Esther Facal**. 2.º ESO
- EDLG **Merche Lareo** (EI)/ **Josefa Méndez** (EP)
- EDLG-coord, desenv. e supervisión. **Xulia Marqués**

Alumnado

**C.P.I. PLURILINGÜE
DE VEDRA**

MATRICULA

Curso 2016-2017

EDUCACIÓN INFANTIL

NIVEIS	ALUMNAS	ALUMNOS	TOTAL NIVEL	TOTAL ETAPA
4º ED. INF. (3 AÑOS)	12	6	18	53
5º ED. INF. (4 AÑOS)	9	7	16	
6º ED. INF. (5 AÑOS)	8	11	19	
TOTAL INFANTIL.	29	24		53

EDUCACIÓN PRIMARIA

NIVEIS	ALUMNAS	ALUMNOS	TOTAL GRUPO	TOTAL NIVEL
1º PRIMARIA	7	19	26	26
2º PRIMARIA	8	15	23	23
3º PRIMARIA	12	13	25	25
4º PRIMARIA	A	5	9	29
	B	5	10	
5º PRIMARIA	A	10	6	33
	B	8	9	
6º PRIMARIA	A	5	10	29
	B	6	8	
TOTAL PRIMARIA	66	99		165

EDUCACIÓN SECUNDARIA

NIVEIS	ALUMNAS	ALUMNOS	TOTAL GRUPO	TOTAL NIVEL
1º ESO	A	11	6	34
	B	10	7	
2º ESO	A	8	8	32
	B	7	9	
3º ESO	A	7	8	31
	B	7	9	
4º ESO	A	8	8	31
	B	8	7	
TOTAL SECUNDARIA	66	62		128

	ALUMNAS	ALUMNOS	TOTAL CENTRO
TOTAL CENTRO	161	185	346